

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

1523 *ORDETAS/131/2006, do 26 de xaneiro, en relación coa transferencia ás comunidades autónomas do importe correspondente á prestación de asistencia sanitaria ao amparo da normativa internacional e o pagamento aos servizos públicos de saúde do custo da asistencia sanitaria derivada de continxencias profesionais. («BOE» 27, do 1-2-2006.)*

A disposición adicional quincuaxésimo oitava da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, establece a fórmula para calcular o importe que debe transferir o Instituto Nacional da Seguridade Social ás comunidades autónomas en compensación polo gasto da asistencia sanitaria prestada ao amparo das normas internacionais a beneficiarios residentes en España e determina o criterio de distribución do dito importe entre as distintas comunidades autónomas. Para a aplicación desta norma é necesario fixar os prazos en que a mencionada entidade xestora debe calcular o saldo neto positivo que hai que aboar, en concepto de cota global, realizar as operacións de distribución territorial e efectuar a correspondente transferencia.

Pola súa vez, a disposición adicional quincuaxésimo novena da mencionada Lei 30/2005 establece que «A Seguridade Social procederá ao pagamento das prestacións sanitarias, farmacéuticas e recuperadoras derivadas de continxencias profesionais polos afiliados con cobertura polas ditas continxencias no Instituto Nacional da Seguridade Social e no Instituto Social da Mariña, aos servizos públicos de saúde das comunidades autónomas. Para estes efectos consígnanse nos orzamentos das ditas entidades xestoras as dotacións correspondentes por un importe total de 100 millóns de euros». A aplicación desta disposición adicional por parte das mencionadas entidades xestoras da Seguridade Social require, entre outros aspectos, definir o órgano territorialmente competente para efectuar os pagamentos que procedan aos servizos públicos de saúde das comunidades autónomas, así como aprobar o modelo en que deben reflectirse os gastos efectuados por estes últimos, determinar os medios en que deben remitirse os datos relativos á facturación efectuada e regular os mecanismos da aplicación e execución orzamentaria para a efectividade do pagamento.

As ditas materias precísanse nesta orde, deseñándose un esquema áxil, de forma que, sen prexuízo de garantir a necesaria acreditación dos gastos realizados, poida efectuarse coa maior rapidez por parte das entidades xestoras da Seguridade Social a transferencia do seu importe.

Na súa virtude e en uso das atribucións conferidas polo artigo 5 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, dispuxen:

CAPÍTULO I

Transferencia ás comunidades autónomas do importe correspondente á asistencia sanitaria prestada ao amparo da normativa internacional

Artigo 1. Determinación e liquidación do importe que se vai transferir.

En aplicación do establecido na disposición adicional quincuaxésimo oitava da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, o Instituto Nacional da Seguridade Social realizará, durante o primeiro semestre de cada ano, as operacións de cerramento e liquidación necesarias para a distribución do saldo neto positivo a nivel nacional, correspondente ao exercicio anterior, en concepto de cotas globais pola cobertura da asistencia sanitaria nos supostos a que se refire a citada disposición.

O saldo neto positivo para distribuír entre as comunidades autónomas virá determinado pola diferenza, a nivel nacional, entre o importe recadado en concepto de cotas globais pola cobertura da asistencia sanitaria aos membros da familia dun traballador asegurado noutro Estado que residan en territorio español, así como aos titulares de pensión e membros da súa familia asegurados noutro Estado que residan en España, e o importe aboado a outros Estados polos familiares dun traballador asegurado en España que residan no territorio doutro Estado, así como polos titulares de pensión e os seus familiares asegurados en España que residan no territorio doutro Estado, todo iso ao amparo da normativa internacional. Do saldo neto positivo resultante deduciranse os gastos de xestión soportados pola entidade xestora.

Para a distribución da contía resultante, o Instituto Nacional da Seguridade Social calculará a porcentaxe do saldo neto positivo que corresponde a cada unha das comunidades autónomas, en función do número de meses de residencia efectiva, durante o exercicio a que se refire o saldo, dos asegurados con cobertura sanitaria derivada dun certificado emitido polo organismo asegurador e debidamente inscrito nas correspondentes direccións provinciais da entidade xestora na comunidade autónoma de que se trate.

O importe do saldo neto positivo, a que fai referencia o parágrafo anterior, será transferido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, por proposta do Instituto Nacional da Seguridade Social, durante o terceiro trimestre de cada exercicio.

CAPÍTULO II

Pagamento ás comunidades autónomas do custo da asistencia sanitaria derivada de continxencias profesionaisArtigo 2. *Obxecto.*

Este capítulo, de conformidade co establecido na disposición adicional quincuaxésimo novena da Lei de orzamentos xerais de Estado para o ano 2006, regula o procedemento para o pagamento ás comunidades autónomas do custo das prestacións sanitarias, farmacéuticas e recuperadoras dispensadas polos correspondentes servizos públicos de saúde como consecuencia de continxencias profesionais, cando a protección dos beneficiarios, respecto das devanditas continxencias, se formalizase coas entidades xestoras da Seguridade Social.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

As normas contidas neste capítulo serán de aplicación ao Instituto Nacional da Seguridade Social e ao Instituto Social da Mariña para o aboamento con cargo ás dotacións aprobadas nos seus respectivos orzamentos, do custo das prestacións sanitarias, farmacéuticas e recuperadoras, a que se refire o artigo 2, dispensadas durante o exercicio obxecto de liquidación.

Artigo 4. *Competencia.*

As direccións provinciais do Instituto Nacional da Seguridade Social e do Instituto Social da Mariña serán competentes para o recoñecemento das obrigas e a execución dos gastos orzamentarios correspondentes ao custo das prestacións sanitarias, farmacéuticas e recuperadoras dispensadas no seu respectivo ámbito territorial, cursando ás direccións provinciais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social as oportunas propostas de pagamento.

Artigo 5. *Liquidación do gasto.*

1. Os servizos públicos de saúde das comunidades autónomas remitirán mensualmente ás direccións provinciais das entidades xestoras en exemplar duplicado, unha certificación do custo das prestacións sanitarias, farmacéuticas e recuperadoras dispensadas no mes anterior, no modelo que figura como anexo a esta orde.

Xunto coa certificación remitirase, en soporte informático, o detalle das prestacións dispensadas a cada beneficiario.

2. As direccións provinciais das entidades xestoras comprobarán que os gastos relacionados corresponden a traballadores cuxa protección, respecto das continxencias profesionais, se formalizase con elas, e que os importes das prestacións dispensadas coinciden coas contías das tarifas oficiais aprobadas e publicadas por cada comunidade autónoma, consignando, na propia certificación do servizo público de saúde, a conformidade ao seu contido. Efectuado este trámite, remitirase unha copia da certificación debidamente dilixenciada ao indicado servizo.

Non obstante, cando existan diverxencias na identidade dos traballadores ou erros nos importes detallados

as direccións provinciais das entidades xestoras, se é o caso, consignarán na notificación a súa conformidade cos datos que consideren correctos, devolvendo ao servizo público de saúde unha copia para a rectificación dos datos que non fosen obxecto da dilixencia de conformidade e, se procede, para o envío dunha nova certificación. Esta certificación será complementaria da xa presentada e só incluírá os importes correspondentes ás liquidacións rectificadas.

Artigo 6. *Imputación orzamentaria e proposta de pagamento.*

O recoñecemento das obrigas e a súa proposta de pagamento realizarase en relación cos tres primeiros trimestres do ano por trimestres vencidos, comprendendo os gastos debidamente facturados, liquidados e recoñecidos nos tres meses inmediatamente anteriores. As facturacións e liquidacións dos meses de outubro e novembro serán recoñecidas e aboadas ao longo do mes de decembro e as facturacións e liquidacións correspondentes ao derradeiro mes do ano tramitaranse, recoñeceranse e proporanse ao pagamento con cargo ao exercicio orzamentario seguinte, durante o primeiro trimestre.

Artigo 7. *Aplicación orzamentaria.*

O gasto que derive das obrigas que se recoñezan como consecuencia da prestación de asistencia sanitaria, farmacéutica e recuperadora derivada de continxencias profesionais, a que se refire este capítulo, imputarase ao concepto orzamentario 459 «A comunidades autónomas. Outras transferencias correntes» do Programa 1102 «Incapacidade temporal e outras prestacións» do orzamento de gastos do Instituto Nacional da Seguridade Social ou do Instituto Social da Mariña segundo resulte competente un ou outro para o seu recoñecemento.

Artigo 8. *Remisión de datos.*

O deseño de rexistro e o formato técnico de remisión dos datos que avalarán as certificacións emitidas polos servizos públicos de saúde determinarase, por proposta do Instituto Nacional da Seguridade Social e do Instituto Social da Mariña, mediante resolución do secretario de Estado da Seguridade Social, que será comunicada ás comunidades autónomas.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

O capítulo I aplicarase para as liquidacións de cotas globais efectuadas a partir do ano 2006, nos termos sinalados no artigo 1.

O establecido no capítulo II terá efectos respecto das prestacións dispensadas a partir do 1 de xaneiro de 2006.

Madrid, 26 de xaneiro de 2006.

CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

Sr. Secretario de Estado da Seguridade Social.

